

**CIG****Boletín
Sindical**

Nº 45 - 2021

www.cig.gal

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

A CIG convoca Folga de Mulleres para o 8 de Marzo

Este 8 de Marzo, Día Internacional das Mulleres Traballadoras, a CIG fai un chamamento ás traballadoras galegas a secundar a folga de 24 horas e a participar nas mobilizacións convocadas pola central nacionalista durante esa xornada.

A secretaria das Mulleres da CIG, Margarida Corral, subliña que “frente a quen poida pensar que non é o momento de convocar unha folga nunha Galiza con peches perimetrais e toques de recoller, desde o feminismo de clase consideramos que é agora cando urxe manifestarnos e combater nas rúas os ataques aos nosos dereitos, porque se algo evidenciou a pandemia é que as mulleres seguimos condenadas polo sistema a sufrirmos as máximas consecuencias da crise”.

Asevera que as mulleres “iremos á folga porque os nosos dereitos non se confinan, porque estamos fartas da hipocrísia de quen se pon fitas de solidariedade, de quen se autodefine como aliada/o feminista, pero precisamente cando máis se necesita tira ao lixo os dereitos das traballadoras esenciais, obrigando as mulleres a asumir de balde o coidado das persoas dependentes que o estado debería blindar”.

Margarida Corral critica que, malia a pandemia pór en evidencia a acertada análise do feminismo galego cando no 8 de Marzo de 2020 denunciaba que “sen coidados non hai

vida”, amosando que os traballos feminizados son fundamentais para o desenvolvemento da sociedade, “as mulleres non fomos obxecto de ningunha política específica destinada a protexer a nosa saúde, sobreexponéndonos ao virus, nin tampouco se recompensou este sobreesforzo cunha revalorización social e económica do noso traballo”.

Unha ferramenta de loita

Dende o inicio da pandemia, a CIG reclamou a habilitación de prestacións familiares e licenzas remuneradas

para quen non poida asistir ao traballo asalariado por obrigas de coidados, mais as únicas políticas adoptadas polos Gobernos do Estado e da Xunta foron dirixidas a reducir os salarios ou vender o teletraballo

como unha medida de conciliación que en realidade obrigou a realizar duplas e triplas xornadas.

Tampouco se adoptaron medidas para garantir as condicións laborais e asistenciais das residencias de maiores, centros de día, atención á diversidade, servizos de axuda no fogar, etc, “que o Goberno do PP na Xunta vén des-

**“Iremos á folga
porque os nosos
dereitos non se
confinan”.**



mantelando e privatizando para facer deles un negocio á conta das persoas máis vulnerábeis”.

Frente a este modelo mercantilista, a CIG esixe que os recursos e servizos de atención ás persoas pasen a ser revalorizados, garantindo o recoñecemento e dignificación destes traballos como un servizo esencial para a cidadanía que debe ser prestado pola administración pública galega, en condicións de calidade e seguridade.

Ante esta situación, apunta Corral, “facemos uso dunha ferramenta revolucionaria que sempre foi útil para combater os ataques do sistema: a folga”. Por iso, anima a todas as mulleres galegas “cansas da precariedade, dos abusos, de que o capital sexa quen xestione a crise e de que se poñan as nosas vidas en risco”, a mobilizarse o 8 de Marzo e a participar activamente na xornada de folga. “Porque ten que haber cambios reais xa. Porque non queda outro camiño que a loita que incomoda. Porque aínda que non sexa doado, non temos outra opción que o combate”.

Comeza a recollida de sinaturas por un Sistema Público de Atención ás Persoas

Unha vez cumprimentados os trámites no Parlamento de Galiza e tras a Xunta Electoral admitir a trámite a Proposición non de Lei de Iniciativa Popular, a CIG bota a andar a recollida de sinaturas en demanda dun Sistema Público Galego de Atención ás Persoas, que se desenvolverá nos vindeiros catro meses. Un período no que a central sindical ten previsto realizar actos diversos en vilas e cidades do país para sumar os máximos apoios para esta iniciativa.

A pandemia da COVID-19 visibilizou a importancia e o carácter esencial dos coidados e deixou ao descuberto, non só o insuficiente investimento público destinado aos servizos de atención das persoas, senón tamén as perversións do modelo de xestión privada instaurado polo PP desde o goberno da Xunta de Galiza. Un modelo que concibe as necesidades asistenciais como un negocio que basea os seus beneficios na precarización das condicións laborais das traballadoras e traballadores que desenvolven estas tarefas.

Diante desta situación a CIG defende a necesidade de que se articule un Sistema Público de Atención ás



Persoas que integre as residencias da terceira idade, centros de día, de atención á discapacidade, axuda no fogar ou servizos como as Casas Niño, Casas da/o Maior, Xantar na Casa. Unha rede única de xestión, 100% pública, dotada tanto das infraestruturas como dos medios materiais e de recursos humanos necesarios.

Os servizos sociais teñen que deixar de ser unha actividade socialmente pouco valorada e precaria para pasar a ser considerados servizos esenciais, que deben ser prestados pola administración pública en condicións de calidade asistencial para as persoas e con condicións de traballo dignas e estábeis para o persoal encargado dos coidados.

O sector da limpeza da provincia da Coruña camiña cara á folga por un convenio digno

O sector da limpeza da provincia da Coruña continuará coas mobilizacións durante este novo período de semi-confinamento decretado pola Xunta de Galiza e ten prevista a convocatoria de asembleas para abordar xa o calendario de folga en canto remate, previsiblemente o 17 de febreiro.

A parte social cualifica de "tomadura de pelo" as propostas das patronais, que pretenden eliminar o dereito á xubilación parcial; o artigo do convenio que regula o dereito a

ampliar xornada cando haxa vacantes ou postos libres no centro de traballo ou na empresa; un incremento salarial do 0% para o ano 2020 e un miserentoso 0,8% para 2021.

O representante da CIG na mesa de negociación, Paulo Rubido, denuncia que as empresas pretenden aproveitarse da emerxencia sanitaria para recortar dereitos e conxelar salarios, cando este é un dos sectores que se está a beneficiar da pandemia, porque no último ano incrementou a

súa facturación polo reforzo das horas extra de limpeza e as desinfeccións.

Por iso avanza que "pelexaremos para conseguir melloras salariais e non imos permitir que se modifique nin a xubilación parcial, nin a cobertura de vacantes. Ante a actitude destas patronais non nos queda máis que ir á folga para garantir unhas condicións dignas para as máis de 10.000 traballadoras e traballadores da provincia atinxidos por este convenio".




Non haberá transición enerxética xusta se supón a demolición económica dunha comarca

Para que a transición enerxética sexa realmente xusta, son as Administracións e non as empresas eléctricas as que teñen que asumir o control deste proceso, promovendo proxectos industrias que xeren emprego e economía nas localidades afectadas. Por iso, ante a urxencia xerada tras o anuncio do peche definitivo da central das Pontes, a CIG reclama dos Gobernos que paralicen o expediente mentres non se acade un acordo que garanta a continuidade do emprego e proxectos de futuro concretos, e se exclúa a Endesa da adjudicación dos nós de rede e das poxas de renovábeis.

Para encetar esta transición xusta con futuro, a CIG propón tamén, e así o trasladou na Mesa das Pontes, que a asignación de novas instalacións de produción de enerxía renovábel no concello e na comarca conteña obrigatoriamente un proxecto de desenvolvemento económico e un plan industrial para a súa implantación.

Ademais, Endesa debe asumir un compromiso de garantías de emprego na principal e nas auxiliares, ligado aos proxectos de futuro, e dar prio-



ridade a este colectivo laboral nos procesos e alternativas de transición xusta formulados tanto por Endesa como polas Administracións ou de iniciativa privada.

Xunto a isto, cómpre que a Xunta defina cales dos 108 proxectos tractores que propón están destinados

ás Pontes e dote de solo industrial ao Concello, e que o Goberno asine xa os convenios de transición xusta e inclúa os proxectos industrias que hai que implementar nas Pontes no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) que optarán aos Fondos Next Generation.

Inditex quiere aproveitar o peche de tendas para recortarles dereitos ás traballadoras

O grupo Inditex está inmerso nun proceso de peche de tendas que en Galiza suporá, cando menos, o fechamento de 23 establecementos até xaneiro de 2023. Porén, a multinacional négase a dar garantías de recolocación nas mesmas condicións e co mínimo traslado posíbel, o que pode suporlle ao persoal afectado ter que desprazarse a centros de quilómetros, unha redución de ingresos, cambios de horarios ou xornadas inasumíbeis “véndose na práctica as traballadoras obrigadas a ter que renunciar o seu emprego”.

Nas reunións mantidas coa empresa quedou patente “que a Inditex non lle interesa garantir os postos de traballo, senón aproveitar estes peches para recortar os dereitos que as traballadoras foron adquirindo ao longo destes anos a través dunha dura loita”.

Dende a CIG-Servizos sinalan que “nos parece moi ben que Inditex queira cambiar o seu modelo de negocio, pero non pode facelo á conta dos dereitos das traballadoras. Xa hai moito tempo que vimos denunciando que a precarización no grupo vai ligada ás tendas”. Ante este novo ataque laboral e para

esixir a negociación dun acordo de garantías, a CIG xa iniciou mobilizacións e convocou folga na tenda Uterqüe de Santiago, a primeira en pechar.

A central reivindica que se respecte a preferencia nos traslados do persoal dentro das tendas da cadea e que sexa na mesma cidade ou, de non ser posíbel, na localidade máis próxima; que se manteña a estrutura básica dos horarios e do calendario anual e as concrecións horarias por conciliación; así como que se establezan garantías do salario bruto cobrado en 2019 e conservar a categoría.



FRONTE Á CRISE

SAÍDA GALEGA XUSTA

MOBILÍZATE COA CIG O 7 DE FEBREIRO

Dentro da campaña por unha saída galega xusta da crise que a CIG está a desenvolver dende o mes de outubro, a central nacionalista ten convocada unha xornada de mobilizacións para o domingo 7 de febreiro para esixir políticas que permitan encetar unha auténtica recuperación económica e social e camiñar cara a unha situación de emprego, salarios, pensións e condicións de traballo dignas na Galiza. Unha recuperación que non será posíbel sen a derogación total das reformas laborais de 2010 e 2012 e das reformas das pensións de 2011 e 2013. As mobilizacións terán carácter expansivo e desenvolveranse en 18 localidades garantíndose en todo momento as medidas de seguridade.

HORAS E LUGARES DAS MOBILIZACIÓNS

Marchas

Vigo: ás 11:30h.

Saída desde A Dobrada

Saída desde a Praza do Concello

A Coruña: ás 11:30h.

Saída desde a Casa do Mar

Saída desde a Torre de Hércules (estatua de Breogán)

Saída desde o Pazo da Ópera

Saída da Praza de Portugal (Praza das Gaivotas)

Pontevedra: ás 11:30h.

Saída desde o Hospital Provincial (rúa Loureiro Crespo)

Saída desde a Rotonda de San Roque - Alameda

Vilagarcía: ás 11:30h.

Saída desde a rotonda do Ramal

Saída desde a rotonda do Piñeiríño

Compostela: ás 11:30h.

Saída desde o Hotel Peregrino

Saída desde a Rotonda S. Caetano

Saída desde a Rotonda do Restollal

Ferrol: ás 11:30h.

Saída desde a Praza Vella

Saída desde a Rotonda do Diapasón (Esteiro)

Lugo: ás 11:30h.

Saída desde o Parque Frígsa (Av. da Coruña)

Saída desde o Edificio INSS (Av. de Madrid)

Ourense: ás 11:30h.

Saída desde a Estación RENFE

Saída desde a Rotonda Mariñamansa (Paco Paz)

Saída desde o estadio de fútbol do Couto

Concentracións

A Guarda: ás 11:30h: Praza do Reloxo

As Pontes: ás 12:00h: Edificio do INEM

Boiro: ás 12:00h: Praza do Concello

Cangas: ás 11:30h: Praza do Concello

Cee: ás 12:00h: Praza do Concello

Lalín: ás 11:30h: Praza da Torre

Porriño: ás 11:30h: Praza do Concello

Redondela: ás 11:30h: Praza do Concello

Ribadeo: ás 12:00h: Oficina de Emprego

Verín: ás 12:00h: Praza do Concello



dereitos

emprego

servizos públicos



Confederación Intersindical Galega